



Comité Intercentros  
Universidade de Vigo

Nº Rexistro: UVIGO1101 Nº 200400000868  
28/01/04

O Comité Intercentros constituíse o 2 de xullo de 2003 tras superar as diferencias sindicais que arrastrabamos dende as eleccións sindicais celebradas en febreiro do mesmo ano. Dende a súa constitución o CI marcouse un obxectivo concreto de traballo que fixemos públicos dende o primeiro momento e manifestamos a nosa vontade negociadora e o noso compromiso para traballar a prol dunha universidade pública, eficaz e de calidade. Obxectivos que na súa maior parte coincidían cos marcados polo Intercentros anterior e polos Comités de Empresa de Ourense e Pontevedra.

Para concretar as nosas intencións o primeiro que intentamos foi formalizar coa xerencia un calendario de negociacións para definir os problemas e poñerlle un prazo para resolvelos. Así mesmo, nas periódicas reunións do CI fomos adoptando acordos que tras poñelos por escrito enviamos, polas canles establecidas, aos responsables das distintas áreas e servizos.

As intencións que inicialmente mostrou a xerencia para cumprir o pactado no Convenio Colectivo e superar os desacordos existentes, derivou en frustración colectiva dos compoñentes do CI ao comprobar que os propósitos manifestados non se materializaban en accións concretas que puxeran fin os litixios ou cumpriran o convenio. O noso desacougo medrou aínda máis ao comprobar que o xerente acudía as reunións sen apoio dos xefes de servizo de áreas tan importantes como Persoal e RR HH demostrando o seu desinterese polos asuntos que afectan ao PAS laboral, asuntos que, por outra parte, na súa maioría descoñece ou lle resultan de difícil comprensión.

Para concretar o que estamos a expresar enumeramos, por exemplo, os escritos dirixidos ao xerente que están pendentes de contestación:

- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 Nº 200300004464, no que o CI comenta os problemas que se deron para cubrir 2 prazas de ATSX na Facultade de Ciencias.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 Nº 200300004466, no que se solicita a convocatoria inmediata das prazas pendentes da RPT de 2000-1.
- Recurso de Reposición contra a RR de 8 de outubro de 2003 por non cumprir o pactado no artigo 25 e no anexo IV do actual Convenio Colectivo.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 Nº 200305005666, no que, entre outras cousas, solicitamos o inicio de negociacións para acordar os procesos de transformación pendentes.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 Nº 200305005667, no que o Pleno solicita que se proceda a realizar as convocatorias de concurso de libre designación recollidos no Convenio.

**SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

- Reclamación Previa á demanda xudicial contra a RX de 23 de setembro de 2003 na que se establece o réxime de traballo para os ATID.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 N° 200300005174, no que, tras unha sentenza favorable a dous traballadores eventuais que reclaman os trienios o CI solicita que non se recurra.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 N° 200300005175, no que se solicita a anulación do cese de José Luis Conde Sampedro.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 N° 200300006089, no que se solicita que se chegue a un acordo dentro da Universidade sobre dispensas sindicais.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 N° 200300006945, no que se pide que os auxiliares administrativos se lle fagan contratos de funcionarios interinos.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1505 N° 200305006325, no que se detallan unha serie de deficiencias no edificio chamado Aulario.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO 1505 N° 200305006324, no que novamente, tras outra sentenza favorable o cobro de trienios por parte do persoal eventual o CI solicita que se acate a sentenza e se lle pague o mesmo concepto os traballadores e traballadoras que están na mesma situación.
- Escrito con rexistro de entrada UVIGO1101 N° 200400000410, no que se lle pide que incorpore un secretario/a as reunións formais que a xerencia establece co CI.

Os acordos pactados no Iº Convenio Colectivo da Universidade de Vigo e que están por desenvolver ou acordar son:

- Negociación anual da RPT, tal e como recolle o artigo 12 (a última negociouse no 2000 e posteriormente foi ampliada no 2001).
- Realización das convocatorias da maioría dos procesos selectivos que emanan da relación de postos anterior que está a incrementar o traballo temporal na Universidade.
- A transformación das categorías declaradas a extinguir.
- A negociación das retribucións complementarias.
- A elaboración do manual de funcións, tal e como recolle a Disposición Adicional Segunda.
- A constitución da Mesa de Retribucións e Avaliación da Calidade que permitiría, entre outros asuntos, integrar ao persoal informático e ao responsable do Parque Móbil na actual Convenio.
- A valoración dos postos de traballo do persoal laboral para axudar a definir con máis precisión os complementos de responsabilidade e categoría que corresponden aos mesmos.
- Regular e cumprir o acordado na Disposición Adicional Sétima na que se recolle a posibilidade de que os TESX teñan xornada partida.
- O asinamento de Convenios con outras universidades que permita o traslado recíproco de traballadores.

Así mesmo este Comité ten manifestado a súa disposición para negociar outros aspectos importantes da vida laboral como, por exemplo, una normativa

horaria que permita homoxeneizar o horario que realiza o persoal laboral nas distintas quendas e nos distintos Campus.

O prexuízo que a desidia da xerencia está a causar no colectivo que representamos e cada día maior e non podendo soportar máis esta situación o Pleno do CI acordou, na súa última reunión, elaborar este escrito para manifestar o seu malestar ao xerente por como está a facer a súa xestión. É a nosa determinación solicitar un cambio inmediato de actitude que de non producirse obrigaría a este Órgano a solicitar, incluso, a súa dimisión.

É polo tanto necesario e urxente que a Xerencia, que vostede preside, se poña a traballar de inmediato na solución dos problemas enumerados e que elabore un calendario de negociacións que faga posible a normalización da relación xerencia sindicatos e que poña fin o desinterese manifestado ate o de agora. É preciso tamén que a xerencia utilice tódolos recursos para que ás negociacións se leven propostas concretas, definidas e elaboradas que permitan dar lugar ao establecemento de acordos.

Vigo, 28 xaneiro de 2003

O PRESIDENTE DO COMITÉ  
INTERCENTROS

Asdo.: Cándido Pérez Betanzos

**SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO**